

XXX Premio de novela longa Eduardo Blanco Amor 2012

Ciclo de faladoiros con gañadores de edicións anteriores

Boas tardes a todos e a todas, grazas por acompañarnos neste ciclo de faladoiros cos gañadores do premio Blanco Amor e, en concreto hoxe, con Xesús Rábade Paredes.

Os meus máis sinceros parabéns á Concellaría de Cultura e Deportes do Concello de Fene, que organiza este ano a XXX Edición do Premio de Novela Longa *Blanco Amor*. Sabemos que é das concellarías máis activas da comarca, con moita diferenza, tanto en calidade e como en cantidade de actividades programadas, grazas ás persoas que alí traballan e saben continuar con ilusión e responsabilidade nos seus cargos públicos.

O Premio Blanco Amor é un premio literario dotado con 12.000 euros a nivel económico que premia a unha novela longa escrita en lingua galega, está convocado por 52 concellos galegos, rotando cada ano un dos concellos en calidade de organizador. Foi creado en 1981 en homenaxe a Eduardo Blanco Amor por iniciativa do concello de Redondela e a obra gañadora encargase de publicala a editorial Galaxia.

Grazas tamén á AELG, por darme a oportunidade de gozar deste espazo e deste tempo con todos e todas vós.

E sobre todo grazas a Xesús Rábade Paredes por permitirme compartir mesa con el e pola súa literatura e os momentos que nos fai pasar con ela.

Xesús Rábade Paredes, nace Cospeito o en 1949.

É catedrático de Lingua e Literatura, poeta, narrador, ensaísta, articulista e tradutor. Comezou moi cedo a súa carreira literaria e figura na antoloxía *Os novísimos da poesía galega*. Traballou en tarefas de normalización lingüística e cultural: formación do profesorado, reforma educativa, elaboración de textos e material escolar, publicación en prensa de numerosos artigos, sobre a situación social da lingua.

É membro do colectivo de renovación poética Cravo Fondo, a súa obra foi antologada e traducida a varias linguas e do Pen Clube.

En poesía publicou:

- *Xuntos cara ó mañán, Matria de sombra, Poldros de música, Os dedos dos loureiros, Os anos da memoria e Lugar do canto.*

En narrativa publicou:

- *A terra prometida, Saraverde, A palabra secreta, Branca de Loboso, O viaxeiro invisible, As sombras do barroco, Como levar un morto e Mentres a herba medra.*

En ensaio publicou:

- *Recuperar a voz.*
- *Neira Vilas e 'Xente no rodicio'.*
- *Unha lectura de Os outros feirantes, de Alvaro Cunqueiro.*
- *A vida de Manuel Murguía.*

Traducións

- *Los oscuros sueños de Clío, de Carlos Casares.*
- *La poesía erótico-amorosa en el Egipto faraónico.*
- *Mazurca para dous mortos, de Camilo José Cela.*

Obras con Helena Villar Janeiro:

- *Símbolos de Galicia. A bandeira, o escudo e o himno.*
- *Lección conmemorativa sobre Rosalía de Castro.*
- *Morrer en Vilaquinte.*
- *O sangue na paisaxe.*
- *No aló de nós.*
- *Viaxe e fin de don Frontán.*
- *Contos de nós e da xente.*

- *Cantan os nenos (O libro de María).*
- *Cabeleira de pedra.*
- *Eduardo Blanco Amor con Auria ó fondo.*
- *Símbolos de Galicia.*
- *Poemas*, de Rosalía de Castro.
- *Dona e Don.*
- *Follas Novas/Hojas Nuevas*, de Rosalía de Castro.
- *Versos a Compostela*, de Rosalía de Castro.

Outras obras colectivas, son máis de trinta e cinco de diversos temas.

E recibiu os **premios** máis relevantes da literatura e ensaio galegos.

- Premio Patronato Rosalía de Castro para Mestres e Pedagogos en 1979, pola obra en común con Helena Villar Janeiro *Símbolos de Galicia. A bandeira, o escudo e o himno.*
- Premio Galicia de Narrativa da Universidade de Santiago no 1980, por obra en común con Helena Villar Janeiro, por *Morrer en Vilaquinte.*
- Premio Galicia da Universidade de Santiago no 1981, por obra en común con Helena Villar Janeiro, por *No aló de nós.*
- Premio Manuel Antonio no 1981, por obra en común con Helena Villar Janeiro, por *O sangue na paisaxe.*
- Premio Blanco Amor de novela longa no 2007, por *Mentres a herba medra.*

Teño a sensación despois de ler a traxectoria profesional de Xesús Rábade de que non dá tempo en apenas 63 anos a investigar e a traballar tanto. Do mesmo xeito, coa novela que nos ocupa hoxe, sinto de que todo o que nos narra non cabe nas páxinas do libro que o sosteñen.

É unha novela de lectura necesaria, da que se tira proveito a moitos niveis, aprendemos sobre un léxico preciso, sobre a boa literatura e bo facer neste campo, sobre a literatura xuvenil e/ou de consumo, sobre a literatua que non profunda, sobre metaliteratura, sobre historia e a guerra civil, de política, de

partidos políticos, sobre educación e pedagogía, de música, sobre o peso e a importancia da tradición, ilústranos sobre o contraste do mundo rural e do urbano, resáltanos o papel da alienación na nosa sociedade, da emigración e a inmigración, sobre os non lugares e a sociedade líquida, sobre a igrexa e o clero, sobre a violencia, a ruindade e a ignorancia, sobre a memoria, sobre o idioma e a lingua, sobre os contrastes xeracionais, as relacións intrafamiliares, sobre maltrato, sobre a xuventude e os preconceitos que temos sobre eles, fálanos de sentimentos profundos, sobre o significado de ter un fillo e educalo, etc.

Hai máis temas tocados aínda dentro deste libro, pero prefiro que sexa o propio autor quen nos fale sobre o que desexe desta novela inmensa ou doutros temas e, despois, quen queira pode intervir a vontade.

Gustaríame que o seu autor nos explicase, malia que xa se explicita no propio texto e o repite varias veces, de onde vén **o título** da novela, porque ao primeiro lembroume ao dito: É tan listo que ve medrar a herba.

A novela contén outras narracións dentro, referidas seguindo **o discurso da narrativa oral**, por que o escolleu así? Fai metaliteratura e continuas referencias á profesión de escritor. Cal é súa opinión sobre a **profesión de escritor**? Cal é a súa opinión sobre o **sistema literario e a literatura de consumo**?. Comenta tamén, que é unha profesión que non se valora, que non está remunerada, *como se os escritores vivisen só do aire e non comesen*. **Por que se escribe e para que e para quen** se escribe en xeral e vostede en concreto?

Fala da **misión e da función da literatura**, cales cre que deben ser segundo o seu parecer? E da **poesía** en concreto? Do poder de ler un bo poema en voz alta?

Avoga tamén polos **lectores** aos que non lles hai que dar todo mastigado, non? Cal é a súa función?

Gustaríame que nos falase sobre o **ritmo da novela**, a súa musicalidade implícita e explícita, como empeza, calmo, tomando distancia como el di, e nos

vai enganando case a ate a metade da historia dicíndonos que aínda non empezou a narrar, cando xa o fixo e moito, e como remata, como empezou, pechando un círculo.

Que teñen **en común as diferentes voces narrativas e o autor**? Hai verdade en todo o que conta, emoción e sinceridade, coinciden a realidade a historia contada? Existe Valverde, Tarnas, Paio e mamá Elvira? **Vostede di: Autor e narrador son algo siameses e dispútanse o espazo e a palabra, como o fan?**

Gustaríame que nos dixese por que cre que **aos novos** se lles debe **contar a verdade**, sobre as nosas orixes, sobre a emigración galega, sobre a guerra e por que considera que non se fai?

Recrea varias veces cos exemplos de Tarnas e Paio o mundo ao que se enfrontan as xeracións máis novas e a **diferencia de oportunidades coas que contan a nivel laboral** con respecto ás xeracións anteriores. Que nos pode aportar?

Cal é a súa opinión sobre **o sistema educativo** aínda que xa a manifesta na obra en varias ocasións e a **profesión de profesor**? E sobre os **crimes de guerra**? E sobre a **inmigración actual** sobre a que verte esperanzas ao final da obra?